

Bo día,

tendo en conta as instrucións provisionais da consellería, na 3ª avaliación desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores e as aprendizaxes e competencias imprescindibles que deberían desenvolver os alumnos e as alumnas, en función da súa etapa, curso

A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo para valorar os avances realizados e os atrasos que se teñan podido producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso.

Libros e material

Esta semana farase o reparto dos libros de texto ás familias que o soliciten enviando unha mensaxe co nome/s curso/s e enderezo onde queredes recibir o material (dentro da cidade de Ourense).

Pode ser por Whatsapp ó número: 693606123, por Telegram a @ceipamo, ou por e-mail: ceip.asmercedes.ourense@edu.xunta.gal.

Para calquera dúbida chamar ó 988 685030

Desexando que todos e todas esteades ben, un saúdo.

Dani